

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE FIN DE ESTUDO (GRAO OU MESTRADO) POR PARTE DO ESTUDANTADO UNIVERSITARIO NO CENTRO DE INVESTIGACIÓNS MARIÑAS (CIMA).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da sinatura e a súa duración será de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a realización por parte do estudantado da Universidade de Vigo dos traballos de fin de estudos desenvolto como parte das materias Traballo Fin de Grao (TFG) e Traballo Fin de Mestrado (TFM) no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), centro adscrito á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, permitindo que desenvolvan e apliquen parte dos coñecementos, capacidades e competencias adquiridos ao longo da súa formación académica na Universidade de Vigo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería do Mar correspóndenlle as funcións, entre outras, da investigación mariña, que se desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

A Consellería do Mar ten interese en colaborar no sistema de formación do alumnado da Universidade de Vigo permitindo que desenvolvan e apliquen parte dos coñecementos, capacidades e competencias adquiridos ao longo da súa formación académica facilitándolle os medios e as instalacións oportunas para poder desenvolver o proxecto acordado,

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



orientándoos e axudándoos a resolver as súas dúbidas e dificultades, así como facilitarlle a tramitación da documentación que se requira para o desenvolvemento, depósito e defensa do seu TFG/TFM.

O Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), dependente funcionalmente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, exerce as funcións relativas á actividade investigadora e, particularmente, as referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
María de los Ángeles Vázquez Suárez
(*asinado dixitalmente*)

